




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Porto do Son. Parroquias: San Vicente de Noal no terzo norte, e San Pedro de Baroñao resto. Extensión: 2,4km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A acción erosiva do mar, por erosión diferencial, abriu unha enseada nesta unidade aproveitando a disposición de materiais metamórficos, entre outros de maior resistencia, nunha alineación de NON.-SE. Sobre esta litoloxía máis branda, ao sueste, desenvólvese unha pequena chaira costeira con pendentes suaves, en constante ascenso cara ás elevacións da Serra do Barbanza. Cara ao sur, o afloramento dos materiais graníticos, máis duros, limita no interior a chaira costeira (localizándose as áreas de maior pendente da unidade: até do 60 %), e no litoral a praia da Arnela, conformando o promontorio no que culmina a Punta Magrio.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade dominada polo granito hercínico de dúas micras de gran medio a grosso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza". Pero existen áreas con xistos con niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de Idade precámbrico-silúrica. Estas aparecen en dúas bandas de orientación NON.-SE. na parte central da unidade e que se unen no interior da mesma ocupando a esquina sueste da mesma. Preséntanse importantes depósitos do Cuaternario: holocenos de praia entre os areais de Fonferrón e Arnela; así como pleistocenos, nas zonas da Lixeira e Agra de Abaixo, según o Mapa Xeolóxico Nacional que a etiqueta como de praias "antigas e rasa litoral". Isto necesitaría comprobación.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A parte alta da vertente é máis húmida alcanzando máximos de 1600mm de precipitación media anual (dominio Cálido e Moi Húmido).

OS SOLOS

Sector de arenosos nos depósitos areosos da praia de Arnela. O fondo do val que dá forma á unidade está ocupado principalmente por cambisols eútricos e dístricos, onde se concentran as actividades agropecuarias e os núcleos de poboación. Nas ladeiras aparecen umbrisois e regosois, chans de pouco espesor e na cabeceira, e tramos de pendentes acusadas (vertente suroccidental do Monte Dordo, por exemplo) o máis frecuente é atopar leptosois líticos con numerosos afloramentos de rocha na superficie.

AS AUGAS

Esta unidade, emprazada nas ladeiras occidentais dun relevo paralelo á liña costeira, presenta unha rede hidrográfica pouco desenvolvida con saídas ao mar nas enseadas da Arnela, e a existente entre as puntas de Magrio e Inxida. As Augas Costeiras desta zona veñen representadas polo código 20172.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de costa mixta, na que se poden anotar o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e, en función da existencia de praias ao pé de cantís e praias de cantos, o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallois mariños acumulados. A cova de Fonferrón suma o hábitat 8330, Covas mariñas mergulladas e semisumerxidas. O interior non achega valores notables. Moi pequenos e poucos rodais de frondosas de recolonización. Ao norte da unidade, nas partes altas aparecen afloramentos graníticos que suman o ambiente dos hábitats do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica. Entre eles desenvólvese o hábitat 4030 de breixeiras secas europeas e, nalgún alveolo ou vaguada, poderíamos achar algún pequeno sector da breixeira húmida 4020 de Erica ciliaris e Erica tetralix.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

No litoral as praias de Arnela, Preguntoiro e Martiña dotan á unidade dun alto valor turístico. Ao tratarse dun relevo accidentado que descende cara ao mar os usos debuxan un mosaico complexo. Nas zonas de pendentes máis pronunciadas predominan as formacións de vexetación costeira. Pequenas masas de árbores de repoboación de piñeiro e eucalipto rodean a única chaira sobre a que se sitúan os asentamentos de uso residencial. A pendente obriga ao aterraxamento do parcelario agrícola relacionado con estes núcleos, que contan ademais cun pequeno porto. Destaca nunha elevación próxima á fachada costeira un campo de fútbol. E nas cotas máis altas un parque eólico de aerogeneradores.

MORFOLOXÍA

Na chaira costeira desenvólvense os únicos asentamentos. Existen dous núcleos rurais, A Arnela e o núcleo de identidade litoral de Vilar practicamente fusionados, que conforman o típico núcleo tradicional da costa, os asentamentos espontáneos máis recentes desenvólvense nas proximidades da praia de Arnela e ao longo do trazado da estrada AC-550, eixo central da comunicación da comarca. As edificacións máis recentes non responden á morfotopoxía tradicional senón que están orientadas a un uso de primeira e segunda residencia, sen gardar relación co parcelario dedicado ao uso agrícola.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 transcorre paralela ao litoral e relaciona os diferentes núcleos de todo o sector costeiro de Porto do Son e tamén con outras poboacións do Barbanza. O resto do armazón de vías compóñeno estradas e pistas de menor entidade que discorren salvando os accidentes do relevo. Hai un paseo marítimo que transcorre paralelo á estrada AC-550. Hai que sinalar por último a existencia do pequeno porto de Arnela que reflicte a estreita relación das poboacións da comarca coa actividade marítimo pesqueira.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Presenza de numerosos petroglifos e a mámoa de Montemuíño.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As praias situadas ao resguardo dunha enseada dotan á unidade do interese turístico necesario para manter a actividade socioeconómica desta unidade, xa que o escaso número de núcleos relacionado co parcelario que permite o accidentado relevo tende ao abandono do seu uso tradicional tanto agrícola como mariñeiro.

DINÁMICA DA PAISAXE

Os novos asentamentos definen a tendencia da nova organización ocupacional orientada cara ao turismo e o uso exclusivamente residencial. O aproveitamento eólico nas elevadas montañas da serra do Barbanza para a explotación dos recursos enerxéticos desenvolveuse considerablemente nesta comarca nos últimos anos.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.


3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A exclusividade das paraxes de dous sectores próximos como Porto do Son e Muros vén marcada polo carácter dos seus núcleos tradicionais mariñeiros, un relevo común e a proximidade das súas praias a estes pequenos asentamentos. Estes ingredientes xunto coa única posibilidade de acceder a eles pola estrada do litoral convértenos en paisaxes únicas. Tal é o caso do asentamento tradicional de Vilar , e a súa íntima integración coa laxa paisaxe do val e abrupto da montaña.

Nesta unidade en concreto, as praias sitúanse nunha contorna montañosa e a existencia de covas mergulladas ofrecen a posibilidade de gozar doutras actividades de lecer relacionadas co turismo, como o submarinismo e o sendeirismo.

Obtense unha boa panorámica das rías veciñas e do conxunto da unidade desde o promontorio onde se situou un campo de fútbol e ao bordo do cantil entre as praias de Preguntoiro e de Martiña.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



